

A coordinación dos traballos nunha obra é sinónimo de éxito constructivo

Xabier Pardiñas Suárez,
xerente de Pardiñas Arquitectura & Construcción,
empresa constructora do Hotel Vila do Val.

-Gustárame que nos comentase cales son as súas sensacións ó ver o Hotel Vila do Val rematado

- Sobre todo unha gran satisfacción por ter rematada unha obra desta envergadura con un resultado final tan satisfactorio, sabendo sobrepoñernos a todas as dificultades que xurdiron ó longo do transcurso dos traballos.

-¿A que dificultades se refire?

- Foi unha obra complexa desde o principio. Os traballos realizáronse nun espazo moi reducido, sen apenas accesos e con medianeiras a ambos lados polo que foi moi dificultoso realizar o soto xa que a cota de cimentación está moi por debaixo do nivel do río.

-¿Como se conseguiu realizar entón o soto?

- Realmente con moita dose de imaxinación e moita paciencia. Como queríamos conservar na medida do posible os muros das casas existentes tivemos que colocar apeos metálicos nas fachadas e realizar a cimentación con moita precaución, para evitar derrubamentos. Foi unha das partes máis críticas da obra.

-¿ E que pode comentar do resto da obra?

- Había unha idea clara, conseguir realizar unha obra cos acabados e os materiais nobres de antano coas técnicas actuais. Así temos sistemas constructivos como son os muros de carga realizados en materiais tan dispares como son a termoarxila e a mampostería. A pedra e a madeira son os materiais que máis predominan na obra e polo tanto tivemos moitos traballos tradicionais presentes ó longo da obra que hoxe non encontramos noutras construcións tales como a cantería ou a carpintería de armar.

E despois destes traballos o resultado final...

- Aparte dos traballos tradicionais que mencionaba existiu traballo intenso de coordinación das diferentes empresas de instalacións que existen nunha obra destas características, electricidade, climatización, colectores solares, fontanería, aspiración centralizada, ascensores, protección contra incendios, telecomunicacións, etc, aparte do resto dos traballos como carpintería, revestimentos, etc. Eu sempre repito que a correcta coordinación dos diferentes traballos existentes nunha obra é sinónimo de éxito constructivo, dunha obra ben feita en prezo e calidade.

- ¿Que supón esta obra para Pardiñas Arquitectura & Construcción?

- Sen dúbida un gran inicio, xa que, aínda que esta non foi a primeira obra executada pola nosa empresa, sí que foi o primeiro gran proxecto da mesma, desde o concurso de ideas feito no verán de 2005, xusto cando naceu a empresa. Non podo pasar esta ocasión sen agradecerlle a Ramón e a Mª Carmen a confianza que depositaron na nosa empresa. Para min foi unha gran responsabilidade



e sobre todo unha grande oportunidade.

- Fala vostede dun concurso de ideas ¿en que consistiu?

- Cando Ramón Hermida e Mª Carmen Manzaneque me falan do proxecto que tiñan entre mans encargáronme que coordinara todos os traballos. Eu pensei que, para enriquecer a iniciativa, a mellor forma de aglutinar ideas para e realización do proxecto era a de convocar un concurso de ideas no que cada estudio de arquitectura nos amosase a súa particular visión dun hotel destas características.

-¿E como ve o futuro Pardiñas Arquitectura & Construcción?

- A nosa idea e seguir dando un servizo o máis global posible ós nosos clientes desde o proxecto ata a obra rematada, neste camiño estamos traballando. No futuro máis inmediato, e ante a parada da promoción de vivendas, estamos centrados sobre todo na rehabilitación integral de vivendas, tendendo sempre á recuperación de vivendas tradicionais. Tamén realizamos construcións de nova planta tanto industriais como residenciais.

FICHA TECNICA DE OBRA

Promotor: Hermida Manzaneque, S.L.

Proxecto: Casabella & Vieites, S.L.

Arquitectos Directores de Obra:

Xan Casabella López, Xosé Díaz Vieites

Arquitecto Técnico Director

de Execución de Obra:

Xabier Pardiñas Suárez

Enxeñeiro Técnico Industrial:

Constantino Díaz Rodríguez (Fersu, S.L.)

Enxeñeiro de Telecomunicacións:

Jorge Luís Sáez López

Coordinador de Seguridade e Saúde:

Xabier Pardiñas Suárez

Empresa Constructora:

Pardiñas Arquitectura & Construcción, S.L.U.

Encargado de Obra: Luis Miguel Vidarte Pico


Superficie Construída: 1379,48 m2

Prazo de execución: 24 meses



*Decoración interior y exterior
Taller de barnizados y lacados
Manualidades, pinturas y decoración*

O Río, 7 - Bajo.
Telf. y fax: 982 58 57 45 - Móvil: 627 56 63 74/75
27880 BURELA (Lugo)



MUEBLES DE IMPORTACIÓN
DE INDONESIA Y PORTUGAL
Exposición enfrente de la Playa Arealonga (Nois). Tel. 609 405 700

Antigüedades TRAVESO

www.traveso.es

Carretera General N-642, nº 12
27892 Cangas de Foz - Foz (Lugo)

Telfs.: 699 491 923 - 699 491 924
e-mail: antiguedades@traveso.es



-Productos químicos, (lejías, jabones, etc...)

-Celulosas

-Sistemas de higiene:

dispensadores de papel Jaboneras,

Electrocutores de insectos, etc.

-Bolsas estándar o impresas

- Mobiliario: mesas, sillas, taburetes, etc.

-Suministros hostelería: cristalería, cubertería, loza, etc.

Oficinas y almacén: Telf. y fax: 982 130 680 - C/ Diputación, 39 bajo - Ribadeo (Lugo)



- Limpezas de comunidades, pisos, oficinas, domicilios particulares
- Limpezas fin de obra, abrillantado de chans
- Limpeza de cristais
- Limpeza de garaxes (barredora automática)

Avda. Arcadio Pardiñas, 97 B • BURELA
Tel.: 982 58 14 12 - 667 60 15 23
677 36 78 80